



Resultados do torneo de Fútbol Sala.

Na tarde de hoxe, 22 de decembro, celebrouse no pavillón deportivo municipal de Ares o torneo de Fútbol-Sala de categoría Biberón. Xabier Sánchez, técnico deportivo municipal envíanos o seu comentario. Tamén indicamos os resultados dos distintos encontros aínda que non eran necesarios, posto que non había clasificación nin eliminatorias.

Numancia - G. Mugardos (3-1)

Barallobre - R. Neda (3-1)

G. Mugardos - Barallobre (0-1)

Numancia - R. Neda (1-0)

Numancia - Barallobre (2-1)

G. Mugardos - R. Neda (0-1)

Xabier Sánchez, técnico deportivo municipal de Ares envíanos o seguinte comentario:

Ola amigos e amigas do Numancia SDR, e Boas Festas!.

Este pasado martes, tivemos unha xornada de xogos de Nadal, adicado ao fútbol sala dos/das máis peques. Como vedes escapamos un pouco do termo torneo quizás nunha

tentativa de alonxar un chisco a vertente competitiva favorecendo a parte máis lúdica do xogo, pois nas idades dos pequenos e pequenas que nos fixeron desfrutar esa tarde, faise raro atopar algo que non sexa xogar e xogar.

O formato que eleximos para estes xogos, foi o de minipartidos de 15 min. de duración e sen cambio de campo, xa que logo entendiamos, que a esas idades era tempo dabondo, e quizais o feito de non ter que cambiases de campo, facilitaría a súa orientación no espazo e reduciría a súa inseguridade, pois non esquezamos que ese martes, foi para a maioría dos peques, a súa primeira partida de fútbol sala contra outros/as iguais, pero ademais con presenza de público, con marcador, e con árbitro, que dito sexa de paso conqueriu que os pequenos/as apenas se desen conta da súa presenza, executando á perfección o seu papel e facilitando as cousas aos nosos/as protagonistas, polo que: Grazas Jorge, e noraboa!

Logo das partidas xogadas, que dicir?. Que diferentes son os niveis de competencia motora a estas idades!, e canto supón uns meses e xa non digamos un ano na diferenza de idades!. Todos e todas xogaron ben que era do que tratábamos, e coido que ademais o pasaron en grande, e o que era moi importante..... fixéronnolo pasar en grande a nós!.

Ao remate recibiron cadansúa medalla, por suposto de ouro, e un agasallo consistente nunca mochila que agora poderán ir enchendo con máis experiencias deportivas, misturadas cas súas diminutas zapatillas e que con seguridade vai ir formándoos como futbolistas, pero sobre todo o máis importante: como bos chavales.

O ano que vén máis, e se pode ser mellor!.